

REGULAMENTO ELABORADO PARA REGULA-LA CREA-
CIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO
MUNICIPAL DE UNIÓN NON MATRIMONIAIS.

Artigo 1.º

Créase o rexistro municipal de unións non matrimoniais do Concello de Cambre, de carácter administrativo, no que se poderán inscribi-las unións non matrimoniais, con independencia da orientación sexual, así como aquelas non definibles polo trato sexual e constituídas para a convivencia e apoio mutuo, isto na forma e cos requisitos que se establecen no presente regulamento.

Artigo 2.º

Poderán insta-la súa inscrición no rexistro todas aquelas unións de dúas ou máis persoas, incluso do mesmo sexo, que polo seu libre e pleno consentimento constituán unha unión de convivencia non matrimonial.

Serán requisitos para que se leve a cabo a inscrición:

a) Estar empadroados no Concello de Cambre. Para tal efecto, formulada a solicitude de inscrición, a encargada do servizo do padrón municipal informará ó respecto.

b) Ser maior de idade ou menor emancipado e non ter sido declarado incapacitado. Axuntará fotocopia do DNI e documentos acreditativos da emancipación, se é o caso, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil. Axuntará declaración responsable de non ter sido declarado incapacitado por sentenza xudicial firme.

Artigo 3.º

Tódolos membros da unión deberán asina-la solicitude de inscrición e esta inscrición levarase a cabo mediante comparecencia persoal e conxunta perante o funcionario encargado do rexistro, efectuando declaración formal respecto da existencia da unión de convivencia non matrimonial.

Artigo 4.º

Poderanse inscribir, mediante transcrición literal, os convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión. Tamén se poderán inscribir outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 5.º

Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ó convenio e feitos ou circunstancias se deberá efectuar mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

Respecto da terminación da unión, poderase efectuar por instancia dun só dos membros da mesma.

Artigo 6.º

O rexistro municipal de unións non matrimoniais estará a cargo da Secretaría xeral do Concello.

Artigo 7.º

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais, que estará formado por follas móbiles, foliadas e seladas, legalizadas coa rúbrica da Secretaría da corporación e expresará na súa primeira páxina, mediante dlixencia de apertura asinada pola Secretaría, o número de folios e a data de apertura.

Artigo 8.º

O libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais non ten carácter público, agás as certificacións que expida o funcionario encargado do rexistro a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión ou de xuíces e tribunais de Xustiza.

Artigo 9.º

No ámbito competencial do Concello, as unións non matrimoniais de convivencia inscritas no rexistro municipal, cando se trate de parellas, terán a mesma consideración xurídica e

administrativa cás unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.

Cambre, 14 de agosto de 1997.

O alcalde, Antonio Varela Saavedra.

12295-PD / 12153